



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA CATRO DE XULLO DE 2012, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JORGE CERDEIRA LOURO
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día catro de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (31/05/2012)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta e un de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2011

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2011, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
5.338.322,64	5.338.322,64



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2011	3.436.196,42
INGRESOS AÑOS ANTERIORES	2.400,00
GASTOS AÑO 2011	2.857.813,33
GASTOS AÑOS ANTERIORES	43.493,18
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	537.289,91

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2011	3.733.705,59
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2011	- 3.505.979,86
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	227.725,73
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	- 44.279,61
RESULTADO AXUSTADO (DEFICIT)	183.446,12

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	358.053,40
ACREDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	688.377,30

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	45.452,12
ACREDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	321,75	51.375,26	50.546,46	1.150,55
BANCOS	76.438,47	5.369.616,20	5.410.626,53	35.428,14
S/SAÍDA	0,00	3.292.693,83	3.292.693,83	0,00
TOTAL	76.760,22	8.713.685,29	8.753.866,82	36.578,69

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Negativo



H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2011 (NETOS)	418.483,04
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2011 (NETOS)	800.546,29
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2011	36.578,69
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 345.484,56
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	- 44.279,61
SALDOS DE DUDOSO COBRO	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 389.764,17

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmobilizacións materiais e inmateriais
- Endebemento
- Operacións non orzamentarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acredores

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións .

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada conta

3º.- Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2012

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día 28/06/2012, que di o seguinte:

“Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para a factura nº 277-27/12 F de Aquagest, S.A pola instalación de caudalímetro na entrada para a Edar de Ponte Ulla, por importe de 3.928,11 euros.

A Comisión de Economía e Especial de Contas, coa abstención do BNG, informa favorablemente o citado recoñecemento”.

Posto a votación o citado recoñecemento de créditos , o Pleno con 12 votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA, e unha abstención do BNG, acorda aprobar o mesmo.

4º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal do exercicio 2012

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade formado para o exercicio 2012. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/1990 de 20 de abril, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2012, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de TRES MILLÓNS CATROCENTOS SESENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA Y CINCO (3.466.235,00) EUROS e no Estado de Ingresos na cantidade de TRES MILLÓNS OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL (3.856.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓN CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.200.800
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.461.200
3	Gastos financeiros	39.505
4	Transferencias correntes	52.000
	A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	491.500
7	Transferencias de capital	1.000
	B) OPERACIÓN FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	208.230
	SUMA TOTAL DE GASTOS	3.466.235

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	973.000
2	Impostos indirectos	65.000
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	373.925
4	Transferencias correntes	1.868.000
5	Ingresos patrimoniais	200
	A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Alleamento de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	306.000
	B) OPERACIÓN FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	257.875
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.856.000

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado orzamento.



3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso, procederáse co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remitírase copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

A Presidencia expón que estamos ante uns orzamentos realmente con pouca marxe, moi técnicos, elaborados nun contexto de profunda crise económica, dentro dun plan de axuste ao que nos temos que adaptar e cinguir, dentro dunha lexislación que nos obriga a non gastar máis do que ingresamos, que nos obriga, como non debe ser doutro xeito, a pagar aos acredores, e onde o prioritario debe ser manter os servizos básicos e fundamentais, por iso as partidas de acción social e dependencia se incrementan, porque baseándose nos criterios dos técnicos de servizos sociais, é a súa intención e a de todos, entende, é garantir cando menos eses servizos.

Di que neste contexto a elaboración dos orzamentos tivo unha primeira fase moi sinxela, ver de que recursos se dispoñía, e co tempo que levamos xa do ano 2012 pódense facer unhas previsións moi realistas, con prudencia e racionalidade dos ingresos, e en base a eses ingresos que obrigas se teñen, os custos dos servizos básicos e fundamentais, e do resto dos servizos que se viñan prestando e que veñen demandando os veciños/as de Vedra.

Recoñece que nestes orzamentos se resenten os investimentos, e ben que o senten, que lle gustaría ter máis, pero que quixeron ser moi rigorosos nos ingresos reais e nos gastos reais, e non poñer outras cifras e logo ter que facer modificacións de créditos, que nalgún caso son necesarias, pero que neste caso queren ser moi honestos con eles mesmos e con aqueles gastos que queren compartir, saber o seu custo e adaptalos aos ingresos dos que dispoñemos.

En cifras xerais sinala que en operacións correntes- gastos de persoal no ano 2011 executáronse 1.310.929 euros, e nestes orzamentos presupostáronse 1.200.800 euros, o que supón unha baixada dun 8%, na que contribuíron a amortización dende principios de ano de tres postos de traballo, e en canto a gastos correntes de bens e servizos, que no ano 2011 ascenderon á cantidade de 1.299.831 euros, para o exercicio 2012 presupóstanse 1.461.2300 euros, que supón un incremento dun 12%, debido en parte ao desenvolvemento durante este ano do Polígono Industrial por importe de 100.000 euros, e o restante, uns 60.000 euros, son para gastos como os que se aprobaron hoxe, procedentes doutros exercicios e para os que se fai un recoñecemento extraxudicial de créditos, e para partidas que estaban mal presupostadas no orzamento do exercicio 2011, como é o caso de partidas de turismo que tiñan unha consignación inicial de 3000 euros e o gasto real era de aproximadamente 12.000 euros, ou partidas de gastos diversos de cultura, nos que se inclúen os convenios coas escolas de música e outros, que figuraban presupostadas cun importe de 40.000 euros e o gasto real a finais de exercicio era de 60-65.000 euros, e así neste orzamento que se presenta hoxe figura, con certa



austeridade un importe de 60.000 euros, e no caso do alumado público que no orzamento do 2011 figuraba 110.000 euros, cando o gasto real foi por encima de 140.000 euros, por iso para este exercicio se presupostan 125.000 euros, co apagado de farois, porque o aforro ten que calcularse en relación co gasto real e non co que estaba presupostado para o exercicio 2011, cando xa no 2009 o importe do gasto foi de 133.000 euros, e o correcto serían por tanto presupostar para o 2011 por encima desa cifra e non 110.000 euros.

Di tamén que outras medidas de aforro tomadas darán os seus froitos a partir da segunda metade neste exercicio e serán máis palpables nos orzamentos dos vindeiros anos.

En canto á partida de investimentos expón que lle gustaría que a cifra fose outra, que no ano 2011 os investimentos reais foron de 644.290 euros, e neste orzamento están presupostados 491.500 euros, uns 150.000 euros menos, pero nesta partida tamén quixeron ser prudentes e o importe é o realmente comprometido ata a data como se pode comprobar no cadro de investimentos (obras de saneamento do POS, camiión de recollida de lixo, eficiencia enerxética, parques infantís, etc), esperando que a finais do exercicio o importe da partida sexa maior.

Para rematar di que son uns orzamentos moi técnicos, que non dan marxe a moitas manobras, pero que son realistas, e son a base para que este concello sexa sostible e de que nos vindeiros anos melloren todas as partidas e non só en servizos senón nas partidas de investimentos.

O Sr. Cerdeira do PSdG-PSOE expón que quere puntualizar para explicar de seguido a posición do seu grupo no debate dos orzamentos, que os orzamentos teñen unha parte técnica, pois teñen que suxeitarse a moitos criterios técnicos, pero que teñen unha parte moi importante política, que é decisión do equipo de goberno, porque os concelleiros teñen e deben de facer política.

De seguido sinala que en exercicios anteriores o Grupo PP opúñase sistematicamente aos orzamentos que o PSdG-PSOE, entón no goberno, presentaba para o seu debate e aprobación, esgrimindo como principal argumento para o seu rexeitamento que os capítulos de gastos correntes e persoal eran moi altos, estaba nun 33%, que de entrada era unha estimación equilibrada porque representaba un terzo do mesmo, e que os investimentos eran moi baixos: 700.000 euros no ano 2011 e case 7.000.000 de euros en toda a lexislatura, e sen embargo rexeitábanos sempre baseándose nesas dúas cuestións, e hoxe -di- no orzamento que se presenta para o exercicio 2012 os gastos correntes increméntanse nun 12% e os investimentos caen entorno ao 40% con respecto aos últimos, buscando un consenso que non poden dar.

Di tamén que o seu grupo non está pechado en banda nin se opón a todo por sistema, recordando que hai poucos meses facilitáronlle ao grupo de goberno, en interese dos veciños/as de Vedra, a aprobación dun plan de axuste que aliviaba en boa medida a previsión financeira dun concello que polo demais, e así o recoñeceron, non presentaba un déficit estrutural debido a que era un dos concellos da comarca, e incluso da provincia, mellor xestionado, e esa é a situación que herdou o equipo de goberno, e o seu grupo tratará de que se siga mantendo polo ben de todos, estando moi pendentes das decisións que se adopten.

Sobre do Plan de axuste sinala que contempla o incremento das taxas e impostos que van do 100-600 % nalgúns casos, co que os veciños/as de Vedra pagan máis polos mesmos servizos e incluso por menos, que por outra banda o PSdG-PSOE foi capaz de darlle sen gravar deste xeito ás familias, pero ese esforzo a cambio de nada, de que se desmantelen por completo os investimentos que permiten que eses servizos funcionen, que esas infraestruturas



básicas se manteñan en mínimas condicións, máxime cando hai un ano chegaron á Alcaldía cunha campaña na que prometían moitas cousas, e hoxe este orzamento está moi lonxe de ir na liña desas promesas.

Manifesta que vai analizar cinco programas do mesmo que son especialmente importantes e simplifican moi ben cal é o criterio e as limitacións graves que presenta o conxunto dos orzamentos que se presentan, para demostrar a habilidade do equipo de goberno para maquillar os mesmos.

En canto ao programa 231 (acción social), que se presupostan 73.000 euros máis, pero os 5.000 euros que figuran a maiores no capítulo 580, para emerxencias sociais, son que nun alarde de austeridade se lle cobraron aos participantes na última Romaría da terceira idade, pero que non son suficientes nestes momentos, e en canto aos investimentos déixanse en 500 euros fronte aos 5000 do exercicio 2011, que xa era pouco, pero duplican os gastos en quilometraxes e asistencias, que antes criticaban.

Polo que respecta á educación, neste caso di que xa non disimulan, semellando que compiten en quen fai mais desfeitas no ensino público, e así no programa 321 baixan de 124.000 euros do 2011 aos 111.000 euros para este exercicio, e o aforro é a costa dos investimentos que pasan de 7500 a 500, e recortar no capítulo de transportes que cae en 4300 euros, que lle van repercutir, ademais das taxas, ás familias que teñen fillos en idade escolar para que poidan beneficiarse de saídas e actividades pedagóxicas.

No programa 334 (promoción da cultura), expón que semella que se mantén o gasto, pero se ollan os capítulos a aposta consiste en incluír no programa o gasto dunha limpadora, o gastos dos terreos que están pendentes de expropiación en San Miguel, as subvencións para as distintas asociacións recórtanse na metade e os gastos diversos increméntanse, cando independentemente de se estivesen anteriormente ben presupostados ou non, se poderían por a disposición das asociacións que están a traballar en Vedra.

En canto ao programa de estradas, sinala que o Grupo PP na campaña electoral dicía que as estradas de Vedra estaban mal, pero non era así porque se gastaba en pavimentalas e mantelas todos os exercicios económicos, concretamente no pasado 258.000 euros, e no orzamento que se presenta hoxe só se presupostan 1000 euros, o que lle parece un pouco forte.

Sobre do programa 912 (órganos de goberno), di que as retribucións son as mesmas que no ano 2011, aínda que figuran 2000 euros máis para quilometraxes, que ao seu entender non teñen xustificación se se ten en conta a situación do concello, e no conxunto do programa afórranse 23.000 euros, en asistencias a plenos pero nada en dedicacións exclusivas, e a austeridade debe comezar por un mesmo.

Sinala ademais que o PP escúdase en que as desfeitas son culpa da situación xeral, das achegas doutras administracións, da Xunta e da Deputación Provincial, pero que o grupo de goberno non é alleo a esas cousas, xa que pertencen a un partido político que apoia a un goberno responsable do desmantelamento dos servizos públicos, que rompe o estado de benestar que tanto custou construír, e o PSdG-PSOE, en particular o grupo municipal de Vedra, defende que ten que aumentar o peso do sector público para frear a crise e garantir a xustiza social, pero o PP prefire poñerse ao servizo dos intereses da banca e entregarlles millóns de euros ao poder financeiro e favorecer a determinados estafadores da facenda pública, prexudicar ás rendas máis baixas e darlle cartos a determinados medios de comunicación para que lle axuden a construír o decorado de cartón pedra que substitúa a realidade e oculte as súas intencións.



Pregúntalle ao grupo de goberno porque tendo administracións amigas temos que seguir asumindo os gastos do centro de saúde de Vedra, cando a Consellería de Sanidade asume o mantemento en máis de 23 concellos, aínda que agora recentemente xa asumiu os de 83, descoñecendo se Vedra está incluído nos últimos, porque si sería un aforro importante, e tamén fai mención á cantidade recibida neste concello do PEIM RURAL, sorprendente ao seu entender cando concellos con menos poboación como Touro ou Boqueixón reciben máis, e sendo os últimos dos 34 concellos desta zona en recibir esta axuda, recordando que no ano 1999, cando o PSdG-PSOE chegou á Alcaldía de Vedra recibiu 240.000 euros, sen que se puidese dicir que había administracións amigas.

Para rematar a súa intervención anuncia que o seu grupo votará en contra dos orzamentos, e aproveita para recordarlle aos indecisos que existen no pleno que calquera que permita que saian adiante son tan cómplices coma o grupo de goberno da aprobación dos peores orzamentos deste concello en varias décadas, e pídelles á Presidencia que cumpra co programa e que demostre que Vedra pode recibir o que lle corresponde grazas á súa presenza á fronte da Alcaldía.

O Sr. Pose do BNG comeza a súa intervención recoñecendo que son épocas difíciles e uns orzamentos moi complicados, e de seguido fai un percorrido sobre do programa electoral do PP e sobre dunha serie de entrevistas concedidas polo actual Alcalde aos seus propios boletíns.

Así expón que o programa do PP dicía que “o tempo actual pide facer máis con menos, eliminar gastos superfluos, actuar con responsabilidade, asegurar unha mellor administración,...” e efectivamente existe menos, “o obxectivo prioritario do PP de Vedra que a través dun plan estratéxico, rigoroso e programado, dando prioridade ás zonas máis necesitadas logrando investimentos plurianuais, e acordos con administracións, Xunta e Deputación, para que a poboación de Vedra teña acceso a saneamento e abastecemento” e pasou un ano de traballo de moitos concelleiros e nada se sabe deste plan estratéxico porque de existir ao mellor nestes orzamentos incluso se abstería , porque non se trata de ser dun partido político ou doutro.

Sinala que con respecto ao PXOM, o programa do PP dicía “promoveremos a modificación parcial do PXOM para delimitar correctamente núcleos rurais e ampliar todos aqueles que a lei o permita, delimitar correctamente solos rústicos de protección de augas.”, preguntándolle se saben da urxencia deste asunto, porque os veciños estanse a marchar a vivir de Vedra ao non poder construír, e que é un traballo de dous anos e o único arquitecto que o podería facer xa non está en nómina.

En canto a infraestruturas o programa electoral indicaba “melloraremos o alumeadado público establecendo plans de aforro enerxético...” e o único que fixo o equipo de goberno foi apagar farois, cando o intelixente sería contratar un profesional na materia, xa que existen empresas que garanten un aforro dun 30% dun xeito científico.

Polo que respecta ao desenvolvemento e emprego dicían no programa electoral “o obxectivo prioritario é incentivar as posibilidades de integración no mundo laboral de xoves, mulleres e desempregados de Vedra, axudas á colaboración con empresas agrícolas, comerciais, ...creación dun viveiro de empresas, programas formativos para desempregados, impulso da agricultura ecolóxica como alternativas e...” e ata o de agora nada de nada.

En educación, infancia e xuventude “creación de axudas de estudo para mozos/as de Vedra; creación dun servizo especializado en facilitar a procura dun empregopavillón



gratuíto en idade escolar e para equipos” e “festa da xuventude”, esperando non ter que pasar polo bochorno de dicirlle o que pensa disto nun momento de crise.

Fai mención tamén ás entrevistas concedidas polo actual Alcalde aos seus propios boletíns do PP, concretamente a publicada na revista nº 6 de xullo de 2008 onde se criticaba duramente os gastos derivados da contratación dun avogado e na revista nº 8 de maio de 2009, na que valoraba ao anterior grupo de goberno socialista como “cansado, sen ilusións, simplemente continuísmo, falto de ideas, sobre todo de forza e valentía para impulsar definitivamente o desenvolvemento definitivo de Vedra” e criticábao por non esforzarse ou non saber conseguir fortes investimentos para Vedra na anterior etapa socialista do goberno da Xunta, preguntando polas novas depuradoras, centro de día, polo desenvolvemento urbanístico dos núcleos rurais, afirmando que a situación cambiaría coa chegada á Xunta de Alberto Núñez Feijoo que significaría “a chave definitiva do cambio no Concello de Vedra e dun próximo Alcalde do PP”, que suporía “o despegue definitivo de Vedra en investimentos e infraestruturas básicas”. Tamén apunta que nesa mesma entrevista o Alcalde indica cales serían as tres cuestións polas que loitaría en caso de ter maioría absoluta, que tecnicamente ten; que non exista ningunha familia de Vedra que non teña os mesmos recursos para vivir dignamente, e nos orzamentos deste ano presupostan só 15.000 euros para o programa de emerxencia social, cando para festas se presupostan 60.000 euros; un plan real e previsible para o impulso e realización do saneamento e abastecemento integral do concello, e non existen novas sobre deste plan estratéxico, e por último poñer en marcha políticas dinamizadoras a nivel educativo, e neste exercicio increméntanse as taxas da ludoteca e as taxas por actividades deportivas, falando no programa electoral “sobre todo nun sector que é o gran esquecido do actual goberno de Vedra de 15-65 anos”, que entende foi un erro de imprenta.

Polo que respecta ao orzamento expón que no capítulo de ingresos, nos capítulos de achegas da Xunta e da Deputación Provincial, que só hai confirmados 400.000 euros, quedando pendentes 345.000 euros, que ao mellor nos atopamos cunha caída substancial de 300.000 euros, e sobre da subida dos incrementos orzamentarios di que están baseados única e exclusivamente nun incremento do IBI e nun plan de aforro enerxético de 42.000 euros que veremos se chega.

Sinala que no programa 151 de urbanismo, concepto 227 (proxectos e outros), que é o parque empresarial, só figura o importe do arquitecto e do avogado, e sen embargo nada para a modificación do PXOM que non se debe esquecer, porque supón diñeiro para o concello e benestar para os veciños.

En canto ás partidas de saneamento e abastecemento de auga, no concepto 227 (recollida selectiva), di que non sexa porque non é a segunda vez que llo di, que hai un sobre custo de 10.000 euros, que se debería acometer realmente un plan estratéxico de xestión do lixo sen demora, porque ao mellor nos tempos que vivimos a Xunta de súpeto retira a subvención do 50% e atopámonos de repente cun incremento de 50-60.000 euros, e despois non temos praza noutro sitio, poñendo como exemplo o concello de Arzúa, semellante ao noso en poboación, no que as familias teñen unha rebaixa do 10% na taxa de recollida de lixo por acollerse á xestión do lixo con compostaxe asinando unha autorización ao concello para que un inspector visite as súas vivendas.

Sinala tamén que nos gastos de alumeados públicos que supoñen un 8% do gasto corrente habería que contratar un profesional, porque non só é o gasto en alumeado público, senón en edificios, consumo de calefacción, ... etc.



E canto a acción social, no que figuran gastos para establecer como funcionarios a dúas prazas, di que a postura do BNG sempre foi e será que non se despidan traballadores, pero que non lle parece normal que ao mesmo tempo que se está a despedir xente se estea a gastar diñeiro en facer funcionarios a dous traballadores que non teñen ningún problema de estabilidade no seu posto e non necesitan ser funcionarios para traballar.

Polo que respecta ao programa de emerxencia social, que se incrementa en 5000 euros, di que non é moi sensato cando se incrementa en 20000 euros a de gastos para festas e escolas de música.

Di ademais que a pesares de que semella que existe un incremento brutal en servizos sociais, se o custo real executado de 37.000 euros se lle suman 60.000 euros de cota patronal o importe é o mesmo, ao igual que pasa co capítulo de dependencia, e en fomento de emprego o que se aforra é a conta do despido de membros da brigada, que nada ten que ver co programa electoral do PP.

Por último di que no programa 334 de promoción da cultura figuran 60.000 euros para a expropiación de finca en San Miguel, preguntando se non sería máis xusto paralizar este proceso nestes momentos, cando para casos de emerxencia social só están presupostados 15.000 euros, preguntándolle se tiveron en conta na elaboración do orzamento que dentro duns meses é moi probable que o IVE se incremente ata o 23%.

O Sr. Alvela de TEGA expón que é a primeira vez que se fai un debate sobre do estado do concello e non dos orzamentos, pero que el se vai centrar nos orzamentos, indicando que calquera grupo que tivese a responsabilidade de elaboralos o faría de distinto xeito, en función das súas prioridades, pero que no fundamento e no substancial todos marcharon contentos sabedores de que a aprobación do orzamento permite que o concello funcione e dalgún xeito se presten os servizos básicos e necesarios para os veciños.

Di que os orzamentos están axustados ao tempo real, e que o incremento do IVE no caso de existir, en todo caso non influirá, e que no caso de que el non se abstivese calquera o faría nunha seguinte rolda, e que está disposto a que se aproben aínda que puidese discrepar nalgunhas cousas xa mencionadas polos grupos da oposición.

Sinala que hai menos ingresos e polo tanto menos gastos e reequilibrar unhas cantidades que estaban desfasadas, que é un orzamento serio e coa abstención non se vai sentir cómplice senón colaborador de que os servizos e o concello funcione.

A Presidencia en canto ao exposto polo BNG di que lle gustaría que en certos temas fose máis rigoroso, e que poñer en tea de xuízo o compromiso social deste Alcalde non é xusto, e que evidentemente teñen unha proposta que se ve dificultada en moitas cousas pola actual situación, pero que dende logo é a súa guía para que todo o que se poida facer tentarán facelo.

En canto aos gastos de avogado di que neste exercicio se vai pagar menos que nos anos anteriores e polo que respecta a acción social di que no anterior exercicio estaban presupostados 303.000 euros cando se gastaron 370.000 euros, e é máis preocupante isto que o que fai o seu grupo, e se presupostando 303.000 euros se puideron gastar 370.000, esta Alcaldía fará as modificacións de crédito necesarias para incrementar a partida de emerxencia social ata o que faga falta, porque nisto réxese polo que establecen os técnicos e se isto significa facer máis sacrificios noutros temas que se farán, pero que actúan con cifras reais.

Tamén lle pregunta ao voceiro do BNG que sinala que membros da brigada foron despedidos porque iso deixouno descolocado, sinalando que toma a súa intervención como



construtiva, tomando nota de todo o apuntado, pero pídelle que non insista no tema dos 60.000 euros para festas, porque iso non é así, porque a maior parte desta partida vaixe en convenios coas escolas de música, banda de música e outras asociacións do concello, e que a única crítica que lle facía ao goberno anterior era que se sabían que ían gastar 60.000 euros que non presupostasen só 40.000 euros.

Polo que respecta ao exposto polo Sr. Cerdeira di que evidentemente estase no pleno para facer política, e unha decisión política foi sacrificar investimentos para manter servizos, intentando que esa subida de taxas e impostos sexa o menor posible para os veciños, e efectivamente hai unha baixa nos investimentos do 24% con respecto ao orzamento anterior, pero oxalá a finais de ano poidan dicir que cando menos foi a mesma do ano anterior.

En canto aos gastos de educación, báixase no orzamento de 124.000 a 111.000, porque se ese foi o gasto real efectuado no pasado exercicio, concretamente en gastos xerais, e en investimentos neste exercicio xa se fixeron obras de mantemento de edificios no CPI de Vedra e nos outros.

Polo que respecta ao programa de cultura sinala que todas as subvencións se están a facer con convenios coas distintas asociacións, por iso a partida de gastos diversos incrementábase de 40.000 a 60.000 euros.

En canto a gastos en estradas, expón que no orzamento do 2011 presupostáronse 248.500 euros, pero só se gastaron 111.000 euros, que corresponden ás obras incluídas no POS, PEIM Rural,..etc, e neste exercicio a súa opción política foi incluír obras de ampliación de abastecemento de auga no POS 2012, conforme ao seu programa electoral, e no referente aos órganos de goberno di que mantiveron simplemente as cifras, que os gastos de quilometraxe se axustaron tamén ao gasto real do pasado ano e nas indemnizacións por asistencias que o esforzo máis grande é o que lle pediu aos seus compañeiros de grupo de goberno pasando de tres a dúas sesións da Xunta de Goberno ao mes, e ata o de agora ningún dos concelleiros, sen dedicación exclusiva, pasou xornadas de traballo e quilometraxes, incluído el que ata o 1 de xullo non pasou ningún gasto de quilometraxe, ao igual que agradece aos demais concelleiros da oposición que contribúen a que baixe esa partida de gastos ao non cobrar certos plenos e a non celebrar en determinados meses o pleno ordinario.

No referente ao PEIM Rural, di que efectivamente ten razón, a cifra é pouca, pero que ese programa se reparte en función duns criterios obxectivos que non benefician a Vedra, por iso neste e noutros onde a participación depende de criterios, estase a estudar cales son os datos reais e os motivos das cantidades recibidas, independentemente de que a diferenza con respecto ás cantidades recibidas por concellos semellantes ao noso é pequena.

Para rematar sinala que os orzamentos son os que humanamente puideron facer, e que pensan e están convencidos que todo o traballo dará os seus froitos ao longo de toda a lexislatura, a pesares das grandes dificultades económicas, agradecendo as críticas que de xeito construtivo fixeron os distintos grupos para poder mellorar a súa xestión.

O Sr. Cerdeira di que o Sr. Alcalde manifestou que espera que a finais de ano as contas melloren con achegas doutras administracións, sobre todo da Xunta, quere puntualizar que o ano pasado as contas pecháronse en setembro que está á volta da esquina e en portas unha convocatoria electoral, polo tanto non tería moitas esperanzas neste aspecto.

Di tamén que con respecto á redución nas Xuntas de Goberno di que agradécelle o máximo aforro, pero non ata o punto de desvalorizar ante os veciños o traballo que hai que facer, porque o seu grupo está a facer un traballo e sería desvalorizalo diante doutras persoas,



porque considera a súa labor importante, sen esquecerse de que tamén é certo que non hai menos actividade no concello.

En canto ás achegas do PEIM Rural sinala que non alcanza a entender cales son eses criterios, pois por poñer un exemplo o Concello de Touro recibe do mesmo 100.000 euros e Vedra só un terzo desa cantidade, e Boqueixón un terzo máis, por iso lle pide ao Sr. Alcalde que faga valer os intereses do concello, e preguntou na súa intervención polo gastos de mantemento do centro de saúde, pois teñen unha relevancia importante nestes momentos.

A Presidencia contéstalle que en canto ao PEIM el é o máis preocupado neste tema, e en canto ao centro de saúde que está a traballar para cederllo á Consellería, pero que neste exercicio se fixo unha previsión realista.

O Sr. Cerdeira remata sinalando que tampouco pasaría nada se estes orzamentos non se chegasen a aprobar, pois ata o de agora funcionouse cos prorrogados do exercicio pasado, e estamos xa no mes de xullo.

O Sr. Pose di que sobre dos membros da brigada se equivocou, pero non obstante si que se despediu a un arquitecto e a outros traballadores.

Posta a votación a citada proposta rexístranse seis votos a favor do PP, seis votos en contra do PSdG-PSOE e BNG e unha abstención de TEGA. Repetida a votación obtense o mesmo resultado e apróbbase co voto de calidade da Presidencia.

5º.- Aprobación, se procede, do Regulamento interno de acción voluntaria do Concello de Vedra.

Dáse conta do Regulamento interno de acción voluntaria do Concello de Vedra, informado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 28/06/2012.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta se este regulamento tamén lle afectaría aos voluntarios que participan na prevención de incendios, contestándolle a Presidencia que non, pero que máis adiante se podería facer unha modificación para que estivesen incluídos ou aprobar un regulamento propio para este tipo de voluntariado.

Posto a votación , o Pleno por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado regulamento

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas polo PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1.- Sobre da transferencia de créditos da aplicación 453-609, infraestrutura xeral, á 432-227, traballos técnicos de turismo, di que a contestará no vindeiro pleno cando se incorpore o técnico das súas vacacións.

2.- En canto charla informativa da empresa Intermax de título “Internet en Laraño”, di que o concello non ten nada que ver neste asunto.

3.- Sobre das obras de enganche do local da comisión de festas, sito no campo da festa de San Xián de Sales, á rede de saneamento, di que xa falou coa AA.VV e que se fará en breve.



4.- Sobre do Consorcio Val do Ulla, di que está pendente dunha reunión cos outros Alcaldes para falar sobre do novo texto de convenio intermunicipal aprobado pola Deputación Provincial.

--Polo que respecta ás preguntas do BNG, contesta:

1.- Sobre dos arranxos das estradas, di que é o mesmo aglomerado que o utilizado polo goberno anterior.

2.- En canto aos gastos das obras da Casa Cuartel da Garda Civil de Lestedo, o Sr. Secretario do Concello procede á lectura do informe solicitado polo BNG ao respecto, sinalando de seguido o Sr. Pose que lle queda claro que non existe convenio co concello para eses gastos e que o pago das facturas era voluntario.

3.- Á pregunta sobre do Consorcio Val do Ulla, a Presidencia di que entende que se nos acollemos á nova figura de convenio intermunicipal establecida pola Deputación, habería que traer de novo ao pleno o asunto.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE, di que en relación ao novo convenio de colaboración intermunicipal establecido pola Deputación, cuxo texto estivo en exposición pública, e segundo información facilitada nunha comisión informativa, se estaban a estudar aquelas cuestións que poderían ser problemáticas para os concellos, pregunta se o concello fixo algunha alegación ou proposición sobre dese texto.

Así mesmo formula os seguintes rogos:

1.- Que se arranxe a pista deportiva de Chao do Río, que ten o mobiliario un pouco deteriorado.

2.- Que se fagan as xestións para que o muro que vai ao carón do cemiterio de San Xián de Sales, propiedade da igrexa, que está derrubado e dificulta o paso pola pista que vai ao lugar de Quintáns, para que o arranxe ou polo menos deixe paso na estrada.

3.- Di que lle chegou unha queixa dun usuario da área recreativa de Agronovo, que case sempre vai acompañado doutra persoa con mobilidade reducida, que dun tempo a esta parte cando chegan alí se atopan coa barreira baixada o que lle impide baixar co coche ata a área. Sendo consciente da incomodidade de atoparse con coches metidos na área, di que habería que estudar o xeito de facilitarlle o acceso a todas estas persoas con dificultades, e quizais de momento sacrificar o benestar dos demais en beneficio deste tipo de persoas

A Presidencia di que xa estivo alí con outras persoas con minusvalía vendo cales serían as mellores opcións, porque hai que compaxinar todos os intereses, e o arquitecto Fermín Blanco redactou un proxecto que se intentará levar a cabo durante este ano.

O Sr. Alvela de TEGA di que ante o estado no que se atopan as pistas municipais invadidas de maleza, habería que facer un esforzo ou articular outros medios para limpalas.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos.